

Os avós

Aqueles e aquelas que o darian todo, que sempre están hai, porque un avó e unha avoa son para sempre, e as veces gañan o papel principal porriba dos nosos pais. Eles antes non tiveron case oportunidades, non coma nós hoxe en día que as temos todas, todas aquelas oportunidades que eles un día non poideron ter, e seguro, que queren que as aproveitemos, e daquela só as familias máis ricas podrían prosperar máis caas outras familias. Eles traballaban dende pequenos, dende os catro ou cinco anos empecaban a atender o ganado, a traballar nas leiras ou atender a casa.

Os avós e as avoas tan amables e carinosas, cos seus consellos tan probados ao longo da súa vida, porque ter o cariño deles e algo inexplicable, algo agradable, sincero e desinteresado.

Tamén falan de todo o que había antes, aquelas agradables cocinas de leña, mesas de mármore, daquelas comidas tan abundantes para a familia. E sobre todo do cocido, ese cocido que só eles saben preparalo como debe, todos os domingos e esa taza de viño que sempre o acompaña dende xeracións pasadas.

As palabras para falar destas persoas sobran ou faltan pero eu creo que sempre nos acordaremos deles, das súas palabras, dos seus gestos ou das causas tan peculiares que só facían eles e que nós pensabamos "como o fan?".

Ei tiven a sorte de coñecelos e de disfrutar deles e espero seguir tendo a súa compañía moitos anos máis.

1º A Eso
nº 4.